




NOME E
APELIDOS:

1. Responde:

Que é a xeosfera? Por qué está formada?

Sitúa, no seguinte esquema mudo, as capas da xeosfera:



2. Escribe a composición maioritaria de cada unha das capas da xeosfera:

Cordia continental	Cordia oceánica	Manto	Núcleo

3. Indica á que capa da Terra corresponde cada afirmación:

- Aquí se orixina o campo magnético terrestre.
- É a capa máis delgada da xeosfera.
- Aquí se producen lentos movementos de convección.

4. Visualiza o vídeo e completa os ocos:

https://www.youtube.com/watch?v=dzk_HxccUIQ&ab_channel=SmileandLearn-Espa%C3%B1ol

- a) A codia pode medir entre _____ e _____.
- b) As placas tectónicas forman parte tanto da _____ como do _____ e chámanse litosfera.
- c) A temperatura no manto é de: _____
- d) As rochas fundidas do manto chámanse: _____
- e) O núcleo divídese en _____ e _____, e está formado por _____ e _____.
- f) A temperatura do núcleo é de _____.
- g) A diferenza de presión e temperatura do núcleo externo forma o _____.

5. A densidade é unha magnitude que nos indica a cantidade de masa que contén un certo volume dunha substancia. Podémola calcular así:

$$\text{densidade} = \frac{\text{masa}}{\text{volume}}$$

Os materiais máis densos, afunden máis que os menos densos. Sabendo isto, nas capas da Terra... (contesta)

- a) Onde haberá materiais máis densos?
- b) Onde haberá materiais menos densos?
- c) Por que?

6. Relaciona cada material coa capa da Terra na que se atopa.

Basalto
Granito
Peridotita
Ferro e níquel

Núcleo
Manto superior
Codia continental
Codia oceánica

7. Elabora un enunciado con cada grupo de palabras:

- xeosfera, capas e densidade
 - capas, Terra, cambios
 - codia, manto e núcleo
 - granito, basalto e codia
 - campo magnético e núcleo
-

8. Indica por que non son minerais:

- a) Auga líquida
- b) Un ladrillo
- c) Un diamante sintético
- d) Os teus dentes

9. Di “si” ou “non” segundo a escala de Mohs:

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Talco	Xeso	Calcita	Fluorita	Apatito	Ortosa	Cuarzo	Topacio	Corindón	Diamante

- a) O talco raia o diamante
- b) A calcita raia o xeso
- c) O xeso raia a calcita
- d) O cuarzo raia a fluorita
- e) O diamante raia o diamante

10. Que mineral poderías raia coa uña con facilidade?

11. Por que cres que para definir características dos minerais como a cor e o brillo é necesario fixarnos en superficies frescas?

12. No laboratorio golpeamos un mineral e fórmanse varios romboedros. Crees que se trata dunha exfoliación ou dunha fractura? Por que?

13. Indica que brillo ten cada mineral:

1		a) Vítreo
2		b) Metálico
3		c) Anacarado
4		d) Adamantino

13. Cal é a diferenza entre transparente, translúcido e opaco?

14. A magnetita presenta magnetismo e, polo tanto, sabemos que na súa composición contén un elemento químico en concreto, sabes cal é?

15. Escribe a propiedade mineral a que fai referencia cada unha das seguintes definicións:

	É a propiedade que posúen os minerais de reflectir a luz que incide sobre a súa superficie.
	É a capacidade que presentan algúns minerais de ser atraídos por un imán.
	É a propiedade que posúen os minerais de deixar pasar, en maior ou menor grao, a luz.
	É a capacidade que presentan algúns minerais de romper seguindo unhas formas regulares.
	É a resistencia a ser raiado. Médese coa escala de Mohs.
	É a cor que presenta o mineral en po.

16. Debuxa un esquema do ciclo das rochas



17. Que é unha rocha? Que relación existe entre os minerais e as rochas?

18. Une cada tipo de rocha coa súa definición

Magmáticas	Rochas formadas polo depósito de sedimentos sobre a superficie da codia, ao que segue un proceso de transformación.
Metamórficas	Rochas formadas a partir da solidificación de magmas
Sedimentarias	Rochas formadas pola transformación doutras ao cambiar as condicións de presión e temperatura ás que estaban sometidas.

19. O granito e a obsidiana son rochas magmáticas. O granito ten grans grososmentres que na obsidiana non se observan. Ambas se formaron por solidificación de magmas. Unha delas arrefriou lentamente na codia mentres que a outra o fixo na superficie moi rapidamente. **Indica como cres que se formou cada unha e xustifica a túa resposta.**

20. Clasifica a seguintes rochas segundo o tipo ao que pertenzan: *mármore, sal xema, granito, basalto, lousa, gneis, petróleo, arxilas, pumita, obsidiana, carbón, conglomerados, areíscas, xisto, calcaria.*

Magmaicas		Metamórficas	Sedimentarias		
Plutónicas	Volcánicas		O. Detrítica	O. Química	O. Orgánica

21. Relaciona cada rocha coa súa definición:

Granito	Formada por fragmentos doutras rochas.
Conglomerado	Non se aprecian cristais nin fragmentos doutras rochas.
Pumita	Formadas por cristais

22. Responde:

Cita tres usos que resuman a importancia dos minerais:
Que é un fósil? En que tipo de rochas adoitan quedar preservados? Cómo se chama o proceso polo cal se forma un fósil?

Cita seis usos das rochas escribindo un exemplo de cada rocha empregada para tal fin:

23. Une cada rocha ou mineral co seu uso:

GRANITO

LADRILLOS

MÁRMORE

TELLADOS

CARBÓN

SARGADELOS

LOUSA

VIDRO

AREÍSCA

MATERIAL BÉLICO

VOLFRAMIO

CONSTRUCCIÓN

CAOLÍN

FERTILIZANTES

MAGNESITA

ESCULTURA

ARXILA

COMBUSTIBLE

24. Explica as diferenzas entre ganga e mena.

25. Fai un cadro cos tipos de minas que coñeces explicando as súas diferenzas principais.

--

26. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a) A maioría dos minerais da Terra confórmana os silicatos. _____
- b) Os recursos minerais son recursos renovables. _____
- c) As minas son escavacións que se fan para extraer recursos minerais.

- d) O magnetismo terrestre orixínase na codia. _____
- e) A partir do magma poden formarse directamente rochas sedimentarias.

- f) As rochas metamórficas fórmanse pola transformación doutras rochas ao cambiar as condicións de presión e temperatura _____